

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 29 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei**

- 1 17111 (10/PNC-001424)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun programa de apoio, coordinado entre o Igape, Again, a Dirección Xeral de Comercio e Amtega, que permita a optimización dos fondos públicos empregados na modernización tecnolóxica das empresas e autónomos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017*
- 2 26703 (10/PNC-002058)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Consellería de Sanidade e a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense en relación co conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do centro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018*
- 3 27118 (10/PNC-002092)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre os informes e estudos que debe realizar a Xunta de Galicia antes de autorizar a implantación de novas grandes superficies comerciais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018*
- 4 27237 (10/PNC-002109)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis  
Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello do Saviñao  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 276, do 14.03.2018*
- 5 29321 (10/PNC-002324)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis  
Sobre o impulso polo Goberno galego dun programa formativo específico para concienciar os directivos e empresarios respecto das oportunidades e as vantaxes

competitivas asociadas á transformación dixital  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018*

- 6            29323 (10/PNC-002325)  
              Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
              Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis  
              Sobre o impulso polo Goberno galego do uso da marca " Artesanía de Galicia " nos establecementos comerciais, co fin de contribuír á mellora da súa visibilidade e comercialización  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018*
- 7            29743 (10/PNC-002377)  
              Grupo Parlamentario de En Marea  
              Casal Vidal, Francisco  
              Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas enganosas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de enerxía eléctrica para trasladar aos seus clientes ao mercado libre da electricidade  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018*
- 8            30298 (10/PNC-002436)  
              Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
              Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
              Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias e carencias que presenta en materia de sinalización e seguridade o Camiño de Santiago ao seu paso por Seixalbo, na provincia de Ourense  
              *Publicación da iniciativa, BOPG n.º 301, do 08.05.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández  
Presidenta da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 21/05/2018 14:14:43**